

CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DE ARQUITECTOS PARA INTERVIR NA REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RESTAURACIÓN E REHABILITACIÓN NA CATEDRAL DE SANTIAGO

A Catedral de Santiago de Compostela, ao abeiro do seu Plan Director, vén desenvolvendo un conxunto ininterrompido de obras de restauración, imprescindibles para a súa conservación e transmisión como un ben patrimonial do máis alto nivel, elemento axial dun conxunto histórico único.

Neste proceso, o próximo Ano Santo 2021 constitúe unha data de referencia para a programación das intervencións presentes e futuras. Para entón, a Catedral de Santiago, o símbolo máis significativo de Galicia, terá que brillar con esplendor tanto para a recepción de peregrinos como para as liturxias e a espiritualidade que debeñen do xubileo. O xubileo supón renovación, e a Catedral necesita estar en sintonía con ese propósito.

Convén ter presente a necesidade de conxuntar as obras de restauración co sentido relixioso do templo. En efecto, a Catedral de Santiago mantén unha dimensión global e específica, que deriva da súa condición como destino do Camiño de Santiago, unha experiencia con profunda raíz relixiosa que ten acadado un alcance espiritual ecuménico.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONCURSO

1. O obxecto do concurso é seleccionar 6 profesionais ou equipos para prestar asistencia técnica en traballos de redacción de proxectos e dirección de obras de restauración e rehabilitación na Catedral de Santiago de Compostela, atendendo aos criterios establecidos polo Plan Director e coa codirección da Casa da Fábrica da Catedral.

Teranse en conta en todo caso as prescricións da lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e as específicas do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela - PE-1, que cataloga a Catedral de Santiago no nivel 1, recoñecendo a excepcional calidade histórica e valor arquitectónico do conxunto e a súa condición de fito esencial da escena urbana.

2. As obras a realizar polo procedemento de contratación de asistencias técnicas externas son as seguintes:
 - (1) Restauración das cubertas do templo: nave principal e cruceiro.
 - (2) Restauración da capela do Cristo de Burgos e fachada do templo ao patio de Xelmírez.
 - (3) Reforma das cubertas da ala norte do claustro.
 - (4) Restauracións nas fachadas sur e oriental do claustro e do esconce, da torre do Tesouro e reforma da cuberta da ala oriental do claustro.
 - (5) Restauración de paramentos das naves e as súas bóvedas.
 - (6) Restauración da torre da Vela.
3. O órgano de contratación é a Fundación Catedral de Santiago (FCS).

SEGUNDA.- PROCEDEMENTO

Este concurso artículase en dúas fases sucesivas.

Na primeira fase seleccionaranse entre todos os licitadores 6 profesionais ou equipos para prestar asistencia técnica nos traballos de redacción de proxectos e dirección das obras de restauración e rehabilitación na Catedral de Santiago de Compostela que se sinalan na cláusula primeira.

Na segunda fase, unha vez seleccionados os 6 licitadores que continúan na licitación, adxudicarase a cada un deles unicamente un dos proxectos que se indican na cláusula primeira.

TERCEIRA.- DO XURADO

O Xurado estará composto por dous membros designados pola Fundación Catedral de Santiago, e un membro designado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Actuará como secretario, con voz e sen voto, D. Ramón Yzquierdo Peiró.

CUARTA.- FASE I

1. CAPACIDADE E SOLVENCIA:

1.1. Capacidade:

Poderá presentarse ao concurso calquera persoa física ou xurídica, con titulación de arquitecto superior ou tendo como director un arquitecto superior, con plena capacidade de obrar, que acredite en forma suficiente a súa personalidade xurídica e/ou a súa representación, solvencia económico-financiera e técnica ou profesional.

Se o licitador fora unha persoa física, deberá ser un arquitecto ou arquitecta Colexiado/a nalgún dos Colexios Oficiais de Arquitectos en España. Se o concursante fora unha persoa xurídica, os seus estatutos ou actas de constitución acreditarán que no seu obxecto social se inclúe que a súa actividade ten relación directa co obxecto do contrato. En ambos os dous casos, este extremo deberá acreditarse de forma fidedigna xunto coa solicitude de participación, tal como se establece no punto 3.2 desta cláusula.

1.2. Solvencia:

Será requisito indispensable ter desenvolvido, como mínimo, a redacción dun proxecto básico e de execución e dirección de obra nun edificio declarado BIC, con orzamento (PEM) superior a 100.000 euros, nos últimos dez anos.

No caso de persoas xurídicas ou sociedades, teranse en conta aqueles méritos que se refiren directamente ao arquitecto que figura como director do equipo.

Se se presentan dous ou máis profesionais conxuntamente e non forman sociedade, terán que constituír unha UTE, indicando cal dos membros actúa como director.

Así mesmo, os licitadores deberán contar cun equipo técnico dirixido por un arquitecto ou arquitecta, que deberá acreditar unha experiencia mínima de dez anos, e contará coa colaboración dun restaurador/a, dun arqueólogo/a, e un historiador/a.

2. FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NA PRIMEIRA FASE

As proposicións presentaranse obrigatoriamente en sobre pechado, na sede da Fundación Catedral de Santiago, Casa do Deán, Rúa do Vilar 1, 15705 Santiago de Compostela.

O prazo para a presentación das propostas coa súa correspondente documentación será de VINTE días naturais dende a publicación do anuncio de licitación. Se dito prazo finalizase en sábado ou domingo, entenderase prorrogado ata o seguinte día hábil.

No caso de que se envíen as proposicións por correo, deberá xustificarse a data de imposición do envío ou da presentación na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación no mesmo día a remisión da oferta mediante correo electrónico ao seguinte enderezo:

oficinatecnica@catedraldesantiago.es

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez días dende a data de finalización do prazo de presentación de ofertas sen terse recibido a documentación, esta non será admitida.

3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

3.1 Solicitud de participación, con arranxo ao modelo que acompaña este prego, incluíndo enderezo postal, teléfono e enderezo de correo electrónico do licitador, indicando se consinte en que este sexa o medio preferente para realizar as notificacións.

3.2 Documentos acreditativos de identificación ou apoderamento:

Para os empresarios individuais, será obrigatoria a presentación da fotocopia legalizada ou compulsada do seu Documento Nacional de Identidade, ou do que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro o dunha persoa xurídica, acreditarán a súa representación mediante poder ao efecto, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil. Achegarán unha fotocopia legalizada ou compulsada do seu Documento Nacional de Identidade ou do que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

3.3 A solvencia económica e financeira dos licitadores acreditarase mediante o compromiso formal de subscribir unha póliza de seguro de indemnización por riscos profesionais por importe equivalente ao PEM da obra que se lles adxudique. Este extremo deberase xustificar documentalmente no momento de subscribir o contrato.

Así mesmo, achegarase declaración responsable, segundo o modelo anexo, de que os licitadores se encontran ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, e mais no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

3.4 Para as unións temporais de empresarios, a duración coincidirá coa do contrato ata a súa extinción. O contratista non poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros, se xa o fixo individualmente ou figura noutra agrupación temporal. A infracción desta norma provocará a inadmisibilidade de todas as ofertas por el subscritas.

Deberán indicarse os nomes e circunstancias dos compoñentes da UTE e a participación de cada un mediante a achega dun documento privado de constitución temporal da UTE, sen que sexa

necesaria a formalización da mesma en escritura pública ata que se teña efectuado a adxudicación do contrato ao seu favor.

3.5 A solvencia técnica deberá acreditarse obrigatoriamente polo concursante ou persoa que o represente mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Declaración do equipo técnico. A estes efectos o equipo estará dirixido por un arquitecto ou arquitecta, que deberá acreditar unha experiencia mínima de dez anos, e contará coa colaboración dos seguintes profesionais:

- Un restaurador/a
- Un arqueólogo/a
- Un historiador/a

De cada un dos membros do equipo deberase aportar o NIF, a súa titulación, a proposta de dedicación ao proxecto, así como a acreditación da súa experiencia e o currículum vitae.

b) Documentación necesaria para valorar a experiencia: Presentarase a documentación dos traballos desenvolvidos nos últimos dez anos en edificios declarados BIC, con orzamento (PEM) superior a 100.000 euros (mínimo unha obra). De cada edificio aportarase unha ficha cunha extensión máxima de dúas follas, tamaño DIN A4, indicando: nome do edificio, situación, promotor, uso, superficie construída, documentos que acrediten o importe da obra construída (IVE excluído) e o ano da intervención. A acreditación da realización destes traballos farase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario do traballo sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito pasivo, certificados expedidos por este ou, a falta de certificado, unha declaración do licitador.

O primeiro destes traballos que cumpra cos requisitos indicados será considerado unha condición de solvencia técnica para concorrer a licitación. A partir deste primeiro traballo, os demais que se acrediten cumprindo os requisitos esixidos serán considerados como un criterio de valoración e puntuados no correspondente exame das solicitudes de participación.

3.6. Documentación relativa aos criterios de valoración:

a) Deberán especificarse e acreditarse, no seu caso, os premios recibidos, mediante certificación orixinal ou copia compulsada do documento emitido pola entidade ou organismo que otorgou o premio.

b) As publicacións relacionadas coas obras presentadas se acreditarán co orixinal ou fotocopia legalizada ou compulsada, como mínimo, das páxinas acreditativas da autoría, o depósito legal e, se procede, o ISBN.

c) Documentación necesaria para valorar a especialización á que se refire a cláusula cuarta 5.d): acreditarase mediante fotocopia legalizada ou compulsada dos correspondentes títulos ou documentos xustificativos.

4. APERTURA DAS PROPOSTAS NA FASE DE PARTICIPACIÓN. CAUSAS DE EXCLUSIÓN.

No prazo máximo de QUINCE días naturais contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das propostas, o Xurado procederá á apertura da documentación presentada polos concursantes.

O Xurado, previa comprobación da documentación presentada polos licitadores, poderá conceder un prazo non superior a TRES días hábiles, para que o licitador corrixa os erros cometidos na presentación da documentación. De non presentar a documentación requirida nese prazo, quedará automaticamente excluído. Este prazo non se concederá cando se trate de omisións absolutas da documentación referida.

Así mesmo, mediante acordo motivado, poderá excluír da licitación a aqueles que non acrediten as condicións de solvencia esixidas na cláusula cuarta 1.2 para levar a cabo, coas debidas garantías, a execución do contrato.

Será causa de exclusión das propostas presentadas a entrega da documentación fóra dos prazos establecidos para iso.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN APLICABLES

A selección dos 6 participantes que poderán concorrer a fase II descrita na cláusula quinta, do presente prego, realizarase tendo en conta a documentación presentada polos concursantes, de acordo cos criterios de valoración que a continuación se definen, referidos directamente ao arquitecto que figure como director do equipo:

- a) Obras desenvolvidas: Redacción de proxectos básicos e de execución e dirección de obras nos últimos 10 anos en edificios declarados BIC con orzamento (PEM) superior a 100.000 euros.
O primeiro destes traballos que cumpra cos requisitos indicados será considerado unha condición de solvencia técnica para concorrer a licitación e polo tanto non se puntuará neste momento. A partir deste primeiro traballo, os demais que se acrediten cumprindo os requisitos esixidos serán considerados como un criterio de valoración e puntuados nos seguintes termos: 1 punto por cada obra distinta, non sendo mérito especial o PEM; cun máximo 15 puntos.
- b) Premios relevantes ás intervencións en monumentos: locais e provinciais 0,25 puntos cada un deles, autonómicos e estatais 0,50 puntos cada un deles, e internacionais 0,75 puntos cada un deles; cun máximo 3 puntos.
- c) Publicacións relacionadas coas obras presentadas: revistas 0,25 puntos cada unha e monografías 0,50 puntos cada unha; cun máximo 3 puntos.
- d) Especialización: máster 1 punto, doutoramento 1 punto, cursos de posgrao con duración igual ou superior a 100 horas 0,50 puntos; cun máximo 4 puntos.

Esta fase finalizará coa selección por parte do xurado de SEIS concursantes, que serán convidados a participar na segunda fase.

En caso de empate, prevalecerá a puntuación obtida polo criterio de obras desenvolvidas. De persistir o empate, resolverase atendendo a maior puntuación obtida sucesivamente nos criterios b), c) e d) pola dita orde.

QUINTA. FASE II

Entre os 6 candidatos seleccionados na fase anterior, realizarase unha nova selección para a adxudicación dos proxectos de restauración e rehabilitación na catedral de Santiago, de forma simultánea, aínda que a sinatura dos contratos diferirase segundo o cronograma que se adxunta.

Os candidatos deberán presentar unha oferta económica para cada un dos proxectos obxecto deste concurso.

Deste xeito, elaborárase unha listaxe coas puntuacións de cada un dos seis licitadores en cada un dos seis proxectos e atenderase a maior puntuación obtida polos licitadores en cada un deles.

Cada un dos licitadores unicamente poderá ser adxudicatario de un proxecto, polo tanto, unha vez determinado o licitador que será adxudicatario dun dos proxectos dos indicados na cláusula primeira, ese licitador non será tido en conta na licitación desta segunda fase para todos os demais proxectos.

Para tal fin, ordenaranse os proxectos en función da súa contía. O primeiro en ser adxudicado será o de maior contía, ao licitador que obtivese maior puntuación para ese proxecto concreto. Unha vez determinado o licitador que será adxudicatario deste proxecto, as propostas deste licitador para todos os demais non serán tidas en conta, continuando o proceso só entre os demais licitadores. Así se continuará de xeito progresivo cos demais proxectos atendendo á orde decrecente da súa contía.

1. FORMA E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NA FASE II.

O órgano de contratación invitará mediante correo electrónico aos SEIS candidatos seleccionados a presentar as súas proposicións nesta segunda fase.

O prazo de entrega da documentación será de QUINCE días naturais contados a partir do día seguinte ao do envío mediante correo electrónico da invitación a participar na Fase II.

No prazo improrrogable de SETE días naturais contados dende o día seguinte ao que se notificou a invitación, os participantes seleccionados poderán recabar información complementaria ou solicitar aclaración de calquera dúbida que se lles suscite, aos servizos técnicos do órgano de contratación, mediante correo electrónico ao enderezo oficinatecnica@catedraldesantiago.es. Dita información será proporcionada pola FCS nun prazo non superior a TRES días hábiles e será remitida mediante correo electrónico aos participantes seleccionados.

2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PROCEDIMENTO.

Os concursantes convidados a concorrer á segunda fase presentarán a documentación acreditativa dos seguintes extremos:

- Declaración responsable da dispoñibilidade do director/a e demais compoñentes do equipo.
- Declaración responsable das melloras na composición do equipo.
- Memoria sobre o coñecemento do ben: máximo 3 páxinas DIN A4.

A memoria sobre o coñecemento do ben fará especial referencia aos aspectos relacionados coa evolución histórica do conxunto, as súas transformacións e restauración segundo o plan director da

Catedral, avaliación das principais necesidades, a súa significación cultural e arquitectónica e a relación coa cidade.

- Memoria sobre a metodoloxía: máximo 2 páxinas DIN A4.
- Proposta económica: oferta económica para cada un dos proxectos obxecto deste concurso, segundo a táboa de honorarios que se inclúe como anexo o presente prego.

Os candidatos deberán presentar unha oferta económica para cada un dos proxectos obxecto deste concurso. Porén, de acordo co exposto no preámbulo da cláusula quinta, a determinación dun candidato como licitador que resultará adxudicatario dun dos proxectos, suporá que non se terá en conta a súa proposición para os demais, xa que cada un deles so poderá ser adxudicatario dun dos proxectos.

3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

Nesta segunda fase, entre os seis concursantes convidados, tomaranse en consideración os seguintes méritos:

- Compromiso de dispoñibilidade: do responsable do equipo puntuarase con 5 puntos; doutros membros do equipo que teñan a titulación de arquitecto 3 puntos; cun máximo 8 puntos. Acreditarase mediante declaración responsable.
- Melloras na composición do equipo: 5 puntos por cada especialidade; cun máximo 10 puntos.
- Coñecemento da Catedral de Santiago: 10 puntos.
- Metodoloxía: 10 puntos.
- Proposta económica: 12 puntos. A baixa máxima admitida sobre a oferta é do 20%.

4. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN E ENTREGA DOS TRABALLOS

Os prazos máximos para realizar a redacción dos distintos proxectos serán os establecidos no calendario de desenvolvemento dos encargos que se achega.

Os proxectos axustaranse á normativa vixente en materia de redacción de proxectos, e acompañaranse de toda aquela documentación anexa ou complementaria que fora preciso redactar para obter as licenzas e autorizacións administrativas que podan ser requeridas de forma previa á execución das obras.

Os traballos de redacción dos proxectos desenvolveranse nas seguintes etapas:

- 1ª Fase: Avance-diagnóstico (incluírá unha memoria e reportaxe fotográfica ordeada e sistemática do estado actual do ámbito de actuación, así como un avance da proposta de actuación).
- 2ª Fase: Proxecto básico e de execución.

Os proxectos entregaránse en formato DIN-A4 nunha única carpeta ou caixón. Os planos realizaranse en formatos DIN apropiados e entregaranse dobrados en tamaño DIN-A4.

Entregaránse tres (3) exemplares completos dos proxectos en papel.

Xunto con cada un destes exemplares, entregarase unha copia en soporte informático (CD ou DVD), que conteña o proxecto completo en arquivos de impresión (arquivos *PDF), e en arquivos editables (arquivos *DWG, *BC3 e *DOC ou similar).

FORMA E PAGO DOS SERVIZOS

O pago dos honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, realizarase da seguinte maneira:

- 15% dos honorarios totais coa entrega da 1ª fase
- 50% dos honorarios totais coa entrega do proxecto básico e de execución
- 35% dos honorarios coa dirección de obra, que se aboarán coas respectivas certificacións de obra.

I. OBRAS OBXECTO DO CONCURSO

- (1) Restauración das cubertas do templo: nave principal e cruceiro.

Restauración das cubertas da basílica, afectadas polas filtracións e as eflorescencias de sales producidas polo formigón, que inflúen no mesmo Pórtico da Gloria.

Comprende o estudo estrutural da cuberta principal, levantamento das coberturas e retirada do formigón, completar o recheo das bóvedas, impermeabilización e recolocación do lousado.

PEM: 1.067.000 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 80.240 €

- (2) Restauración da capela do Cristo de Burgos e fachada ao patio de Xelmírez.

Reforma das cubertas da capela, as súas sancristías e o almacén colindante, para unha mellor adecuación coa fachada norte do templo, xunto coa restauración desta fachada e dos seus ocos.

PEM: 679.000 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 51.062 €

- (3) Reforma das cubertas da ala norte do claustro

Retirada de cuberta e lousado da terraza do lado norte, da estrutura e trasdorsado de formigón sobre as bóvedas, nova impermeabilización sobre a terraza, restauración das bóvedas do claustro e colocación dunha nova cuberta.

PEM: 424.375 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 31.914 €

- (4) Restauracións nas fachadas sur e oriental do claustro e do esconce, da torre do Tesouro e reforma da cuberta da ala oriental do claustro.

Esta actuación resolve problemas urxentes na fachada sur do claustro, restaura a fachada leste e a torre do Tesouro, e substitúe a cuberta do lado leste do claustro.

PEM: 921.500 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 69.298 €

- (5) Restauración de paramentos das naves e as súas bóvedas.

Restáurase o conxunto de paramentos e columnas das naves principais e do cruceiro do templo, xunto coa restauración completa das súas bóvedas.

PEM: 1.164.000 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 87.535 €

- (6) Restauración da torre da Vela.

Saneamento e impermeabilización de cubertas e terrazas da torre do ángulo suroeste, saneamento de paramentos, reforma da terraza baixa, substitución de forxados e colocación de novas carpinterías.

PEM: 266.750 € Honorarios por redacción de PBE e dirección de obra, sen incluír o IVE: 20.060 €

II. CALENDARIO DE DESENVOLVEMENTO DOS ENCARGOS

- (1) Restauración das cubertas do templo: nave principal e cruceiro.

Xaneiro 2017 sinatura do contrato. Xullo 2017 entrega do proxecto.

- (2) Restauración da capela do Cristo de Burgos e fachada do templo ao patio de Xelmírez.

Novembro 2016 sinatura do contrato. Abril 2017 entrega do proxecto.

- (3) Reforma das cubertas da ala norte do claustro.

Novembro 2016 sinatura do contrato. Abril 2017 entrega do proxecto.

- (4) Restauracións nas fachadas sur e oriental do claustro e do esconce, da torre do Tesouro e reforma da cuberta da ala oriental do claustro.

Xuño 2017 sinatura do contrato. Decembro 2017 entrega do proxecto.

- (5) Restauración de paramentos das naves e as súas bóvedas.

Novembro 2016 sinatura do contrato. Abril 2017 entrega do proxecto.

- (6) Restauración da torre da Vela.

Novembro 2016 sinatura do contrato. Febreiro 2017 entrega do proxecto.

Anexo 1

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Don/dona1

arquitecto/a colegiado/a no Colexio Oficial de Arquitectos de co nº

en nome propio ou en representación da empresa

manifesta a súa vontade de participar no procedemento de licitación convocado para a selección de profesionais ou equipos para prestar asistencia técnica en traballos de redacción de proxectos e dirección de obras de restauración e rehabilitación na Catedral de Santiago de Compostela, atendendo aos criterios establecidos polo Plan Director e coa codirección da Casa da Fábrica da Catedral.

Datos do licitador:

Nome e apelidos da persoa física:

NIF/pasaporte/NIE:

Enderezo con código postal:

Teléfono:

fax:

Correo electrónico:

Comprométome a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se realicen neste correo electrónico.

No seu caso, a empresa comprométese a achegar a documentación e a facilitar a información que lle sexa solicitada.

Lugar e data, sinatura e selo.

¹ Os empresarios individuais achegarán fotocopia legalizada ou compulsada do documento de identidade. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro o dunha persoa xurídica, acreditarán a súa representación mediante poder inscrito no Rexistro Mercantil, e achegarán unha fotocopia legalizada ou compulsada do seu documento de identidade.

Anexo 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/dona

con NIF/pasaporte/NIE nº

en nome propio ou en representación da empresa

con NIF nº

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que coñece o prego de cláusulas administrativas e condicións técnicas que serve de base á convocatoria deste contrato, e que os acepta incondicionalmente na súa totalidade.

Que o licitador ostenta plena capacidade xurídica e de obrar, e se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia, e mais no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Lugar, data, sinatura e selo.

Anexo 3

DECLARACIÓN DE SOLVENCIA

Don/dona
con NIF/pasaporte/NIE nº
en nome propio ou en representación da empresa
con NIF nº

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que é titular ou, no seu caso, se compromete, en caso de resultar adxudicatario, a subscribir unha póliza de seguro de indemnización por riscos profesionais por importe equivalente ao PEM da obra que se lles adxudique.

Que o licitador cumpre as condicións establecidas na cláusula cuarta, 1.2 do prego como requisitos de solvencia.

Que aos efectos de participar nesta licitación, constituirá un equipo contando coa colaboración dos seguintes profesionais²:

- restaurador/a
- arqueólogo/a
- historiador/a

Lugar, data, sinatura e selo.

² De cada un dos membros do equipo aportarase o NIF, titulación e proposta de dedicación ao proxecto, así como acreditación da súa experiencia e CV.